

Regulamento de Réxime Interno do Departamento de Enxeñaría Química

Aprobado polo Consello de Departamento o 30 de maio de 2022.

Ratificado polo Consello de Goberno o 29 de xuño de 2022.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Definición

O Departamento de Enxeñaría Química é a unidade básica encargada da programación e do desenvolvemento do ensino e da investigación na área de coñecemento de Enxeñaría Química.

Artigo 2. Réxime xurídico

O Departamento rexerase polo presente regulamento de réxime interno, no que se determinan os distintos aspectos do seu funcionamento, polo Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, no que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e polas demais normas que lle sexan de aplicación.

TÍTULO I. DA ESTRUCTURA E FUNCÍONS DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Da estrutura do Departamento

Artigo 3. Membros

O Departamento está constituído polo profesorado e persoal investigador da área de coñecemento de Enxeñaría Química e o cadro de Persoal de Administración e Servizos adscrito.

A sede do Departamento localízase na Escola Técnica Superior de Enxeñaría no Campus de Santiago.

Artigo 4. Órganos do Departamento



1. Son órganos de dirección do Departamento: o Consello de Departamento, o/a director/a e a/o secretaria/o.
2. De acordo co previsto no artigo 105.2 dos Estatutos da USC, establécese no presente regulamento a Comisión Permanente e a Comisión de Docencia e de Calidade do Departamento.

Capítulo 2. Das funcións do Departamento

Artigo 5. Funcións do Departamento

Son funcións do Departamento:

1. A programación, desenvolvemento e seguimento de:
 - a) As ensinanzas propias da área de coñecemento de Enxeñaría Química, graos e másteres, de acordo coa organización xeral dos centros nos que estas se impartan.
 - b) Cursos de posgrao, especialización e de formación continua.
2. Participar na elaboración dos planos de estudo sempre que así llo soliciten os centros responsables e a elaboración dos planos de organización docente (POD) nas materias da súa competencia.
3. Distribuír e asignar ao profesorado a docencia das materias dentro da súa área de coñecemento, conforme aos criterios que estableza o Consello de Departamento.
4. A coordinación da actividade investigadora.
5. O rexistro actualizado do cadro de persoal do Departamento, actividade docente, actividade investigadora e a súa xestión.
6. Fomentar a formación dos seus profesorado e o persoal investigador.
7. Participar nos procedementos de avaliación da calidade das actividades de docencia e investigación, así como nos de certificación e acreditación que afecten a ditas actividades.
8. A iniciativa ou, no seu defecto, informe previo, para a creación, mantemento, minoración ou cambio de denominación de prazas de persoal docente e investigador, funcionario ou contratado, así como, de ser o caso, a proposta dos membros das comisións encargadas de resolvelas.
9. A elaboración e seguimento da planificación estratéxica do Departamento.
10. Calquera outra actividade encamiñada ao axeitado desenvolvemento da actividade docente e investigadora que non corresponda a outros órganos.



TÍTULO II. DO GOBERNO DO DEPARTAMENTO

Capítulo 1. Do Consello do Departamento

Artigo 6. Competencias do Consello de Departamento.

1. Corresponderalle ao Consello de Departamento:

- a) A elección do/a director/a e, de ser o caso, a proposta ao/á reitor/a da súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada por maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento.
- b) A aprobación da planificación e xestión da actividade docente e a xestión da actividade investigadora do Departamento, así como o control do seu cumprimento.
- c) A validación de programas docentes e sistemas de avaliación das materias das que sexa responsable.
- d) A formulación e aprobación das demandas de profesorado, de acordo coas necesidades docentes dos centros, dos seus programas de investigación e de doutoramento, e a decisión sobre a procedencia do mantemento, minoración ou cambio de denominación ou categoría dunha praza.
- e) A aprobación do balance anual de peche de exercicio no cuadrimestre posterior ao ano natural.
- f) Formulación e aprobación do orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a súa proposta de distribución, no primeiro cuadrimestre do ano.
- g) A elaboración, modificación e aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- h) A creación de comisións para o mellor desenvolvemento das súas funcións.
- i) A promoción do perfeccionamento da actividade docente.
- l) A solicitude de convocatoria a concurso das prazas de corpos universitarios e persoal docente contratado, así como as propostas de membros das comisións correspondentes, consonte a lexislación vixente.
- m) A emisión dos informes preceptivos sobre a actividade docente e investigadora do seu profesorado e persoal investigador ou sobre o rendemento académico do seu estudantado.



- n) A adopción das decisións que a normativa vixente lle atribúa sobre os estudos de doutoramento.
- o) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos da USC, o presente regulamento e a lexislación vixente.
- p) O seguimento e xestión da prevención de riscos nos espazos da súa dependencia.

Artigo 7. Composición do Consello de Departamento

1. O Consello de Departamento estará composto por:

- a) Os doutores membros do Departamento.
- b) Unha representación do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación, que non excederá do 10% do total de membros.
- c) Unha representación do estudantado do ámbito de docencia do departamento, que suporá o 25% do total dos membros do Consello de Departamento. Desta porcentaxe, o 10% corresponderá ao estudantado de grao e máster e o 15% ao estudantado de doutoramento.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 8. Elección de representantes no Consello de Departamento

- 1. A convocatoria para a elección dos membros do Consello de Departamento será realizada pola Comisión Electoral Central da Universidade de Santiago de Compostela. Os membros elixidos dos órganos colexiados serano por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dos seus respectivos colexios electorais.
- 2. Para a elección de representantes no Consello de Departamento seguirase a normativa electoral ao respecto da USC.
- 3. Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes que o serán por un ano. A condición de membro do Consello de Departamento perderase ao cesar a vinculación co departamento, ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

Artigo 9. Funcionamento do Consello de Departamento.

- 1. O Consello de Departamento reunirase por iniciativa do director ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste último caso deberase cursar á dirección do Departamento unha solicitude de convocatoria debidamente razoada, facendo constar nela o/s tema/s que se van tratar, e asinada pola totalidade dos demandantes. O Consello de Departamento celebrará, polo menos, tres sesións ordinarias durante o curso académico en período lectivo.



2. A convocatoria das sesións ordinarias será realizada polo/a director/a e nela deberá constar: lugar de reunión, data, hora e orde do día. A convocatoria deberá ser notificada, cando menos, cunha antelación de cinco días hábiles. Considerarase como medio ordinario de notificación o correo electrónico dirixido ao enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.
3. As reunións realizaranse presencialmente, para os membros do Departamento asignados no Campus de Santiago, permitindo a asistencia mediante medios telemáticos daqueles membros asignados ao Campus de Lugo.
4. Aqueles membros do Consello de Departamento do Campus de Santiago, que xustifiquen unha conciliación familiar ou desfruten dunha licenza concedida de desprazamento ou ano sabático, poderán asistir tamén de forma telemática. En todo caso solicitaran a súa asistencia telemática, xustificando debidamente a causa, cun mínimo de 24 h de antelación, na secretaría do Departamento. O secretario ou o director de Departamento dará fe desta circunstancia ao inicio de cada Consello.
5. O Consello de Departamento poderá reunirse con carácter extraordinario, calquera día hábil, cando a importancia ou urxencia do/s asunto/s que se vaian tratar así o requira, ben por iniciativa do/a director/a ou a pedimento dun terzo dos seus membros. Neste caso, a convocatoria deberá ser notificada, cando menos, con dous días de antelación, correspondentes a días hábiles.
6. A documentación relativa aos asuntos que se van tratar remitirase coa convocatoria ou estará a disposición dos membros do Consello na secretaría do Departamento desde o momento da convocatoria.
7. A orde do día será elaborada polo director/a do Departamento, asistido polo seu secretario /a. Tamén se incluírán na orde do día os puntos que, previamente á convocatoria, solicite calquera dos membros do Consello.
8. O Consello de Departamento constituirase validamente, en primeira convocatoria, coa asistencia da metade máis un dos seus membros e en segunda, que se celebrará media hora despois, coa presenza dun 25% dos seus membros. En todo caso, é necesaria a asistencia do /a director/a e da/o secretaria/o ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.
9. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes a totalidade dos membros do Consello de Departamento e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría dos seus membros.
10. O Consello de Departamento poderá invitar asistir ás súas reunións para discutir asuntos específicos, con voz pero sen voto, a calquera membro da comunidade universitaria.
11. Cando a natureza dos asuntos o requira o/a director/a do Departamento, por propia iniciativa, a instancia dos membros do Consello ou por un requirimento específico, poderá convocar a calquera persoa que poida informar ou colaborar co Departamento neses temas.

12. Os acordos poderanse tomar por asentimento ou por votación. Os acordos tómanse por votación, a cal pode realizarse a man alzada ou manifestarse por asentimento. Serán secretas con carácter excepcional cando o solicite calquera dos membros do Consello e afecten a persoas concretas.
13. Se unha vez debatido un punto da orde do día procede a votación, só os presentes poderán participar. A votación decidirse por maioría simple, excepto nos casos en que a normativa de aplicación impoña outras maiorías.
14. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a director/a do Departamento.
15. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular un voto particular por escrito no prazo de dous días, voto que se incorporará ao texto aprobado.
16. As decisións do Consello de Departamento adoptarán a forma de acordos.
17. Os acordos do Consello de Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o Consello de Goberno da Universidade.
18. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión ordinaria do Consello de Departamento.
19. O Consello de Departamento arbitrará os mecanismos necesarios para que os seus membros estean puntualmente informados dos acordos que se adopten, tanto no seu pleno como nas comisións.

Capítulo 2. Da Comisión Permanente

Artigo 10. Competencias da Comisión Permanente

1. Son competencias da Comisión Permanente:

- a) Coñecer e decidir sobre asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados polo Consello de Departamento.
- c) A redacción das normativas relacionadas co Departamento previa a súa presentación no Consello de Departamento para ser debatidas e aprobadas.
- d) A elaboración da proposta de asignación anual da actividade docente entre os membros do Departamento de acordo coa normativa para elaboración do POD da Universidade e os acordos do Consello de Departamento ao respecto, e a elaboración de posteriores propostas de modificación, coas mesmas condicións.



e) A elaboración da proposta de orzamento e distribución de ingresos e gastos.

f) Asesorar en todas as cuestións que o/a director/a do Departamento lle formule no exercicio das súas competencias.

2. O/A director/a do Departamento informará ao Consello de Departamento na primeira sesión ordinaria que este celebre, con posterioridade á última celebrada pola Comisión Permanente, de todos os actos e acordos da Comisión Permanente que deberán ser aprobados polo mesmo.

Artigo 11. Composición da Comisión Permanente

1. De acordo co previsto no artigo 4 do presente regulamento, establécese unha Comisión Permanente integrada por membros do Consello de Departamento tal como se indica a continuación:

a) Sete doutores membros do Departamento, nos que se incluírá ao/á director/a, quen a presidirá, e a/o secretaria/o do Departamento, que realizará as funcións de secretario/a , garantindo que polo menos un deles teña a docencia maioritaria no Campus de Lugo e outro no Campus de Santiago.

b) Un representante do resto do persoal docente e investigador e persoal investigador en formación.

Tres representantes do estudantado do ámbito de docencia do Departamento, dos cales un corresponderá a estudantado de grao, un a máster e un ao estudantado de doutoramento.

c) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 12. Elección de representantes na Comisión Permanente

1. A elección de representantes na Comisión Permanente terá lugar en sesión de Consello de Departamento convocada polo/a director/a.

2. Os representantes serán propostos por cada un dos sectores e ratificados polo Consello de Departamento.

Artigo 13. Funcionamento da Comisión Permanente

1. A Comisión Permanente reunirse por convocatoria do/a director/a ou pola solicitude dun terzo dos seus membros. Nela deberá constar: lugar de reunión, data, hora e orde do día. A convocatoria deberá ser notificada, cando menos, con 24 horas de antelación, correspondentes a días hábiles. Considérase como medio ordinario de notificación o correo electrónico dirixido ao enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.

2. A Comisión Permanente constituirase validamente coa presenza dun terzo dos seus membros. En todo caso, é necesaria a asistencia do director/a e da/o secretaria/o ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.
3. Os apartados 3 e 4 e do 8 ao 13 do artigo 9 aplicaranse tamén ao funcionamento da Comisión Permanente.
4. As sesións da Comisión Permanente realizaranse de modo presencial ou telemática, a iniciativa da dirección do Departamento. Poderán excepcionalmente convocarse sesións por correo electrónico para tratar asuntos de trámite que así o aconsellen.
5. Os membros da Comisión Permanente cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros do Consello de Departamento ou debido a falta inxustificada de polo menos un 60% das reunións que se desenvolvan nun ano, de xeito que se ha proceder á elección da/o substituta/o dentro do sector correspondente no prazo de tempo máis breve posible.

Capítulo 3. Da Comisión de Docencia e de Calidade

Artigo 14. Competencias da Comisión de Docencia e de Calidade

1. Son competencias, referentes a docencia, da Comisión de Docencia e de Calidade:
 - a) Analizar e participar na definición das titulacións de grao e posgrao nas que teña docencia o Departamento.
 - b) Definir e coordinar os programas, contidos e competencias das materias da área de coñecemento.
 - c) Supervisión das guías docentes das materias da área de coñecemento.
 - d) Desenvolver accións formativas complementarias de divulgación e formación.
 - e) Impulsar a incorporación e bo uso do equipamento dos laboratorios.
 - f) Promover e coordinar as actividades relacionadas con empresas
 - g) Promover e coordinar as actividades relacionadas cos intercambios docentes.
 - h) Fomentar a innovación docente.
 - i) Revisar as peticións anuais de reserva de materias do profesorado, antes da asignación do POD.
 - j) Calquera outra función que lle poida atribuír o Consello de Departamento.



2. Son competencias, referentes á calidade, da Comisión de Docencia e de Calidade:

- a) Estender a cultura da calidade e mellora continua na docencia, investigación e xestión do Departamento.
- b) Propor e coordinar actividades a desenrolar no Plan Estratéxico do Departamento.
- c) Propoñer modelos de avaliación de calidade da actividade docente, investigadora e de xestión que deberán ser aprobados polo Consello de Departamento.
- d) Aplicar os modelos elaborados, xunto con outros existentes, aos distintos campos de actividades do Departamento. Os resultados das análises, así como as conclusións ás que chegue a Comisión, serán transmitidos aos organismos ou persoal interesado cunha proposta de accións de mellora. Merecerán especial atención os aspectos relacionados cos resultados académicos, así como as análises dos resultados das enquisas de avaliación docente, aspectos que se abordarán sempre dentro das limitacións de confidencialidade que impoña a normativa universitaria.
- e) Calquera outra función que lle poida atribuír o Consello de Departamento.

Artigo 15. Composición da Comisión de Docencia e de Calidade

1. De acordo co previsto no artigo 4 do presente regulamento, establécese unha Comisión de Docencia e de Calidade integrada por membros do Consello de Departamento tal como se indica a continuación:

- a) Oito doutores membros do Departamento, entre os que estarán o/a director/a, quen a presidirá, e a/o secretaria/o do Departamento, así como o coordinador/a do Grao en Enxeñería Química, Grao de Enxeñería de Procesos Químicos Industriais, o/a coordinador/a do Máster en Enxeñería Química e Bioprocesos, e o/a coordinador/a do Máster de Enxeñería Ambiental, sempre e cando os coordinadores sexan membros do Departamento.
- b) Un representante do resto do persoal docente e investigador ou persoal investigador en formación.
- c) Tres representantes do estudantado, dos cales un será estudante de Grao, outro de Máster e un terceiro de doutoramento.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos.

Artigo 16. Elección de representantes na Comisión de Docencia e de Calidade

1. A elección de representantes na Comisión de Docencia e de Calidade terá lugar en sesión de Consello de Departamento convocada polo/a director/a. Os representantes dos profesores, investigadores, estudantado e PAS serán propostos por cada un dos sectores e ratificados polo Consello de Departamento. De non existir proposta dalgún sector, a Comisión Permanente non terá representantes del ata a súa renovación.



Artigo 17. Funcionamento da Comisión de Docencia e de Calidade

1. A Comisión de Docencia e de Calidade reunirse por convocatoria do/a director/a ou pola solicitude dun terzo dos seus membros. Nela deberá constar: lugar de reunión, data, hora e orde do día. A convocatoria deberá ser notificada, cando menos, con 24 horas de antelación, correspondentes a días hábiles. Considérase como medio ordinario de notificación o correo electrónico dirixido ao enderezo que cada membro do Consello debe ter na USC.
2. A Comisión de Docencia e de Calidade constituirase validamente coa presenza dun terzo dos seus membros. En todo caso, é necesaria a asistencia do director/a e da/o secretaria/o ou dos membros do Consello que legalmente os substitúan.
3. Os apartados 3 e 4 e do 8 ao 13 do artigo 9 aplicaranse tamén o funcionamento da Comisión de Docencia e de Calidade.
4. Os membros da Comisión de Docencia e de Calidade cesarán no momento en que perdan a súa condición de membros do Consello de Departamento ou debido á falta inustificada dun 60% das reunións que se desenvolvan nun ano, de xeito que se procederá á elección do substituto dentro do sector correspondente no prazo de tempo máis breve posible.

Capítulo 4. Do/a director/a

Artigo 18. Do/a director/a

1. O/A director/a representa ao Departamento, exerce a súa dirección, preside a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.
2. O/A director/a será elixido polo Consello de Departamento de entre os seus membros que sexan profesores/as doutores con vinculación permanente na Universidade, e nomearao o reitor.
3. O mandato do/a director/a do Departamento será de catro anos, e non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.
4. En caso de ausencia ou enfermidade, o/a director/a será substituído de xeito accidental polo membro do Departamento de maior categoría e antigüidade, ou no seu defecto, que reúna os requisitos esixidos para ser director/a.
5. As decisións do/a director/a do Departamento adoptarán a forma de resolucións.

As resolucións do/a director/a do Departamento serán susceptibles de recurso de alzada ante o reitor da Universidade.

6. O/A director/a do Departamento cesará ao remate do seu mandato, por dimisión, e como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.



Artigo 19. Competencias do/a director/a

1. Son competencias do/a director/a do Departamento:

- a) A presidencia e a convocatoria do Consello de Departamento, a Comisión Permanente e a Comisión de Docencia e de Calidade.
- b) A execución dos acordos adoptados polo Consello de Departamento e a vixilancia do seu cumprimento.
- c) A organización e a coordinación, de acordo co Consello de Departamento, dos medios persoais e materiais dos que se dispoña para cumprir os obxectivos investigadores e docentes.
- d) A execución das previsións orzamentarias.
- e) A proposta ao reitor do nomeamento da/o secretaria/o do Departamento.
- f) O desenvolvemento da planificación estratéxica do Departamento.

2. As competencias da dirección do Departamento esténdense a todos os asuntos relacionados co goberno e a administración do Departamento, de non seren atribuídos a outros órganos.

Artigo 20. Revogamento do/a director/a

1. O/A director/a do Departamento poderá ser revogado mediante moción de censura construtiva.

2. A moción de censura, para ser tramitada, deberá estar asinada por un terzo dos membros do Consello de Departamento, e incluír o nome dun candidato alternativo, que debe cumprir os requisitos esixidos para ser director/a.

3. Cando concorran estas circunstancias, procederase do seguinte xeito:

- a) O/A director/a convocará unha sesión extraordinaria de Consello de Departamento, con este único punto da orde do día, que se celebrará nun prazo máximo de dez días lectivos.
- b) Tanto o candidato proposto como o/a director/a, disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expoñer as súas posicións. Tras o oportuno debate, procederase á votación nominal e secreta.
- c) Se a moción de censura obtivese o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento, será proclamado/a director/a a/o candidata/o proposta/o na moción de censura.

d) Se a moción de censura non acadase a maioría absoluta considerárase rexeitada e os seus asinantes non poderán presentar outra durante o resto do período de mandato do/a director/a.

Capítulo 5. Da/o secretaria/o

Artigo 21. Da/o secretaria/o

1. O secretario será nomeado polo reitor, tras a proposta do director, entre o profesorado do Departamento.
2. O secretario cesará por decisión do reitor, logo da proposta do/a director/a do Departamento, ou a petición propia.

Artigo 22. Competencias da/o secretaria/o

1. A/O secretaria/o do Departamento é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Departamento e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos que consten nos documentos oficiais do Departamento. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o/a director/a, lle encomenden os Estatutos da USC, ou a lexislación vixente.
2. No suposto de imposibilidade de asistencia por parte do secretario, fará as súas funcións o membro de menor antigüidade e que reúna os requisitos para selo.

TÍTULO III. DA DOCENCIA

Artigo 23. Da actividade docente

1. O Departamento promoverá como un dos seus obxectivos fundamentais impartir unha docencia de calidade dirixida a formación integral e crítica do estudantado e á preparación para o exercicio da súa actividade profesional.
2. A docencia é un dereito e un deber do profesorado do Departamento e será impartida baixo os principios de liberdade e responsabilidade, de acordo coa programación docente e os fins xerais da USC.
3. O Departamento é responsable da docencia de nas distintas titulacións nas que imparte as súas ensinanzas e a normativa aprobada polo Consello de Goberno.



4. O Consello de Departamento, mediante a Comisión de Docencia e de Calidade, será o encargado de definir e coordinar os programas e contidos das materias da súa área de coñecemento.

5. Na asignación de materias e na programación académica das mesmas terase en conta o disposto pola normativa universitaria correspondente, en particular a normativa para a ordenación do proceso de ensino/aprendizaxe e da avaliación do rendemento académico dos estudantes.

6. O Consello de Departamento, con carácter anual e conforme estableza a propia USC, deberá polo menos:

a) Fixar e publicar o programa das materias ao seu cargo e o réxime de titorías do Profesorado.

b) Determinar as actividades esixidas polos planos de estudo.

c) Fixar o sistema ou sistemas básicos e xerais de avaliación do alumnado para cada materia.

d) Distribuír e asignar as tarefas docentes entre o Profesorado.

e) Resolver calquera outra cuestión establecida na normativa elaborada polo Consello de Goberno.

7. O Consello de Departamento autorizará as actividades docentes dos profesores visitantes e eméritos, que poderán estar dirixidas principalmente á docencia en seminarios, cursos monográficos ou de especialización.

8. O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico. Corresponderá ao Consello de Departamento aprobar ditas actividades así como o seu orzamento.

9. O persoal docente informará anualmente da súa participación en seminarios, conferencias, cursos, congresos ou actividades similares non incluídas no apartado anterior.

Artigo 24. Planificación docente

1. O Consello de Departamento aprobará anualmente a proposta de planificación da súa actividade docente para a súa remisión á/s vicerreitoría/s con competencias ao respecto.

2. O reparto do encargo docente farase de xeito equitativo entre todo o persoal docente, respectando o seu réxime de dedicación, de conformidade coa normativa da Universidade e os acordos do Departamento para a elaboración do POD.

TÍTULO IV. DA INVESTIGACIÓN



Artigo 25. Da investigación

1. O Departamento asume como un dos seus obxectivos esenciais a investigación, fundamento da docencia, medio para o progreso da comunidade e soporte da transferencia do coñecemento á sociedade. Para este efecto, promoverá no marco das súas competencias o desenvolvemento da investigación de calidade, xeradora de novo coñecemento e capacidade de innovación, e a cultura emprendedora.
2. A investigación é un dereito e un deber do persoal docente e investigador. Recoñécese e garántese, no ámbito do Departamento, a liberdade de investigación individual e colectiva, dentro dos límites establecidos polo ordenamento xurídico e da racionalidade no uso e aproveitamento dos recursos.
3. O Departamento acolle diferentes grupos de investigación que desenvolven a súa actividade nas instalacións que dispón para tal efecto. Os grupos de investigación son a unidade básica de organización e xestión da actividade investigadora onde por razóns de coincidencia estable nos seus obxectivos, infraestruturas e recursos compartidos, converxen un conxunto de investigadores con capacidade plena para o desenvolvemento da actividade investigadora.
4. O Departamento promoverá e divulgará a actividade investigadora realizada polos seus membros.
5. O Departamento asegurará o mantemento na web, para a súa difusión e coñecemento público, da actividade investigadora do mesmo.

TÍTULO V. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 26. Orzamento anual

1. Coñecidos os recursos anuais dos que dispoña o Departamento, o/a director/a elaborará e presentará ao Consello de Departamento para a súa aprobación o orzamento anual, no que se detallarán os ingresos e gastos e a proposta de distribución dos mesmos.
2. O/A director/a presentará ao Consello de Departamento o balance anual de peche de exercicio para a súa aprobación.

TÍTULO VI. DA REFORMA DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 27. Reforma do regulamento

1. A iniciativa para a reforma do presente regulamento pode ser levada a cabo polo/a director/a ou a pedimento dun 10% dos membros do Consello de Departamento. Neste último caso



deberase cursar á Dirección do Departamento unha solicitude de reforma debidamente razoada, facendo constar nela o/s artigo/s que se van modificar, e asinada pola totalidade dos demandantes.

2. O/A director/a remitirá a proposta de reforma, debidamente articulada e razoada, a cada un dos membros do Consello de Departamento e convocará unha sesión del. A proposta de revisión do Regulamento será aceptada por maioría absoluta. No caso de ser rexeitada, os seus promotores non poderán presentar outra sobre o mesmo tema no prazo dun ano.

3. No caso de ser aprobado polo Consello, o novo texto será remitido ao Consello de Goberno da USC para a súa ratificación.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira:

Corresponderá ao Consello de Departamento o desenvolvemento de cantas disposicións non previstas neste regulamento sexan necesarias para a súa aplicación.

Segunda:

En todo o non disposto no presente Regulamento de Réxime Interno aplicarase o estipulado nos Estatutos da USC e na lexislación xeral universitaria vixente.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor coa súa publicación no taboleiro de anuncios da USC, unha vez sexa ratificado polo Consello de Goberno.

